



As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)

Fernando Cabeza Quiles
fecabezaquiles@edu.xunta.es

Resumo. Ofrecemos un estudo, non só divulgativo, senón tamén interpretativo, sobre o camiño de peregrinos a Santiago que, procedente de Portugal, vía A Cañiza, pasaba pola Estrada e o seu concello, circunscibíndonos única e exclusivamente ao paso do devandito camiño por este termo municipal. Á parte doutras pegadas, establecemos unha serie de correspondencias de haxiónimos estradenses con outros que nomean as mesmas advocacións, os cales, ao estaren en camiños xacobeos máis recoñecidos e consolidados, poden confirmar o carácter igualmente xacobeo daqueles e sinalar, xa que logo, o trazado do camiño de peregrinos que pasaba polo concello da Estrada do que se mostran as pegadas que seguen, algunhas delas polo de agora só hipotéticas, sen esquecermos a posibilidade de que no futuro podan aparecer máis indicios do camiño xacobeo que deseguido imos percorrer.

Abstract. A study, which not only provides information but also interpretations, about the pilgrim way to Santiago de Compostela from Portugal, going through A Cañiza and A Estrada. It is exclusively restricted to the pilgrimage across this local town. Apart from other traces, correpondences between hagiographies from A Estrada and others which refer to the same saints' names are established. Belonging to more famous and consolited pilgrimage ways, these hagiographies can prove the nature related to Saint James and the route passing by A Estrada, which is explained below. However, some traces are just hypothetical and others could appear in the future.

Inexplicablemente a obra de recente aparición titulada *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago* (G. E. C. S.) non lle dedica nin unha soa liña ao evidente pasado xacobeo do concello pontevedrés da Estrada, malia pasar polo territorio do noso municipio dous importantes camiños de peregrinos con dirección a Santiago. Caso, polo sur, dun camiño de peregrinos que, procedente do norte de Portugal, pasaba pola Cañiza e chegaba á parroquia Codeseda, freguesía estradense á que tamén arribaban, polo sudeste, peregrinos, arrieiros e viaxeiros diversos procedentes da zona do Carballiño; sen esquecermos do chamado Camiño Breeiro, ruta medieval, utilizada por peregrinos e polos arrieiros que transportaban o viño do Ribeiro ata Santiago, á que non nos imos referir aquí ao ser xa estudada por

Francisco Rozados na anterior Miscelánea. Así, mentres que o paso de peregrinos cara a Santiago polo sur do concello da Estrada en dirección norte está garantida debido á existencia do devandito camiño antigo da Cañiza, Terra de Montes, Tabeirós e A Estrada, tamén existe unha segunda vía de peregrinos, moito máis recoñecida e oficializada, que pasa polo extremo nordeste do noso territorio municipal. Referímonos ao chamado Camiño do Sudeste, que é a prolongación galega da Vía da Prata; ruta de peregrinos que, entrando, procedente do concello de Silleda, pola parroquia estradense de Orazo, intérnase logo no concello de Vedra, non sen antes pasar polo concello da Estrada nun curto pero intenso percorrido, tamén cheo, como veremos nunha segunda entrega, de pegadas xacobeas.

Volvendo á ruta do sur, está debidamente testemuñado o paso de peregrinos modernos polo núcleo poboado de Codeseda, procedentes do devandito lugar da Cañiza Así, no libro de visitas da páxina web www.codeseda.com consta que: “O pasado día 16 de maio [do ano 2004] pasamos *un grupo de peregrinos* [o subliñado é noso] a pé. Durmimos en Forcarei e procedemos todos de A Cañiza (Pontevedra). Entre todos podemos impulsar a peregrinación dende a “raia” do río Miño ata Santiago. Penso [segue a escribir un dos peregrinos] que sería un xeito de revitalizar o *precioso lugar de Codeseda* [o subliñado volve ser noso] entre outros pobos polos que pasa o camiño. Un saúdo e parabéns pola páxina” (www.codeseda.com). Noticia que sen dúbida se refire ao camiño de peregrinos que dende o norte de Portugal pasaba e/ou pasa pola localidade pontevedresa da Cañiza, continúa e/ou continuaba por Petán ata Prado e alí, seguindo un antigo camiño real, atravesaba a zona do Suído, onde xa collía dirección a Santiago, pasando pola parroquia de Presqueiras, O Cachafeiro, Forcarei e Codeseda (dende onde escribe o devandito internauta peregrino) para continuar polas parroquias de Nigoí, Santiago de Tabeirós, a actual vila da Estrada, e as parroquias de Toedo, San Salvador de Valoira e de Santa Cristina de Veá, saíndo este antigo camiño de peregrinos do concello estradense polo antiga ponte de Ponte Veá, a partir da cal se interna no concello coruñés de Teo.

Así, no concello da Estrada, este indubidable antigo camiño de peregrinos, que seguramente coincide en moitos dos seus tramos cun



A fonte de Sagrada na actualidade.

camiño real, pode ter no lugar da Sagrada, contiguo ao núcleo poboado de Codeseda, unha pegada xacobeá na fonte alí emprazada, que nos podería dar o pretopónimo A (*Fonte) Sagrada –actual A Sagrada–, que se repite noutros camiños de peregrinos a Santiago, caso do lugar da Fonsagrada da provincia de Lugo, vila emprazada no Camiño Primitivo cuxo topónimo se refire a unha fonte vinculada á tradición xacobeá por un suposto milagre alí efectuado polo apóstolo Santiago, quen, ao ser atendido hospitalariamente por unha pobre viúva do lugar, converteu para ela a auga da fonte en leite para llela dar aos seus fillos. Lenda ou invención que moi probablemente versiona de maneira piadosa a cristianización dun antigo culto ás augas, cambiando o primixenio topónimo do lugar, que tamén sería un hidrónimo referido á devandita fonte, polo actual da Fonsagrada; suposto moi verosímil que se pode repetir no actual lugar estradense chamado A Sagrada, cuxa fonte, situada na actual estrada vella, antes un camiño moito máis antigo, puido dar o devandito pretopónimo A (*Fonte) Sagrada, en alusión á posible cristianización da devandita fonte o que concorda moi ben coa antiga existencia no lugar dun mosteiro feminino chamado, precisamente, e cremos que non é produto da casualidade, mosteiro de Augas Santas, hidrónimo

que pode aludir á devandita fonte da Sagrada, cuxos dous posibles nomes, Augas Santas e A Sagrada, antes presumiblemente A (*Fonte) Sagrada, parecen aludir á cristianización dun antigo emprazamento de culto ás augas, logo cristianizado e sacralizado pola nova crenza, que vería a necesidade de se establecer de maneira permanente no actual lugar da Sagrada, fundando o devandito mosteiro; cuxa comunidade relixiosa puido ser o axente cristianizador do antigo emprazamento pagán; cristianización e colonización que se vería axudada tamén pola influencia do antigo camiño de peregrinos que pasaba por aquí. Estaríamos, así, perante un proceso similar ao que creou o topónimo Pico Sacro, O Pico Sacro ou Picosacro próximo a Santiago, lugar no que tamén houbo un mosteiro cristianizador do que se conserva a súa capela; conxunto situado neste caso a carón e baixo a influencia doutro camiño de peregrinos, cal é o Camiño do Sudeste, que, entrando en Galicia pola Mezquita, é a devandita prolongación galega da Vía da Prata. Así, con relación a este Picosacro, que antes se chamou monte Ilicino ou das aciñeiras, árbore sagrada para os celtas, a tradición xacobeá relata que os discípulos do apóstolo Santiago deron morte a unha gran serpe –animal que, xunto ás aciñeiras, representaría aquí outro lugar de culto precristián– facendo o sinal da cruz, sinal inequívoco de que na montaña había un nume pagán (Cabeza Quiles, 1992: 369).

Outros lugares chamados Pico Sacro ou Picosacro, que, como o posible A (*Fonte) Sagrada da parroquia estradense de Codeseda, levan o adxectivo *sacro* e parecen demostrar a existencia de antigos lugares de culto pagáns cristianizados pola forza e a influencia dos camiños de peregrinos a Santiago son todos, tamén, situados en camiños xacobeos: Picosacro, nome dun monte do concello ourensán de Oímbra, situado a carón do camiño de peregrinos que dende a localidade portuguesa de Chaves chega á ourensá de Laza, onde enlaza coa chamada Vereá Vella, variante do devandito Camiño do Sudeste. Picosacro, apelativo doutro monte, situado na Serra de San Mamede, nas proximidades da devandita Vereá Vella. Existindo un cuarto monte chamado Picosacro no concello ourensán da Gudiña, situado tamén na área de influencia do Camiño do Sudeste, polo que vemos, ou polo menos intuimos, que o adxectivo *sacro/a* dos devan-

ditos topónimos, incluíndo o de A Sagrada da suposta A (*Fonte) Sagrada, alias Augas Santas, contiguo a Codeseda, pode sinalarnos antigos camiños de peregrinos.

Outra pegada xacobeá do camiño de peregrinos estradense que estamos redescubriendo cremos que se atopa no próximo lugar da Consolación, onde a tradición oral fala do antigo paso de grupos de peregrinos procedentes de Soutelo e Forcarei, o que concorda coa presenza no lugar dun antigo peto de ánimas situado á beira da estrada vella que une a localidade de Codesa coa da Estrada, vía que sería antigamente un importante camiño frecuentado por peregrinos e camiñantes, pois os petos de ánimas adoitaban situarse á beira das vías antigas máis transitadas coa

finalidade de percibiren o maior número de esmolas posibles. Así, o microtopónimo O Peto e a realidade que nomea pódenos axudar a descubrir o trazado de camiños antigos, nomeadamente de peregrinos, como puido suceder co peto de ánimas do lugar da Consolación situado no itinerario estradense que estamos percorrendo e en varios puntos do Camiño do Sudeste, nos cales documentamos o microtopónimo O Peto ou A Rúa do Peto, caso, por poñermos só algúns exemplos, da Rúa do Peto da localidade ourensá de Xinzo de Limia, e doutra Rúa do Peto, situada na aldea de Mandín, do concello de Verín, por onde pasa o devandito camiño de peregrinos que une a localidade portuguesa de Chaves coa ourensá de Laza. Exemplos aos que cómpre unir o dunha aldea chamada O Peto, do concello Vilardevós, situada sobre outro camiño de peregrinos que procedente tamén de Portugal, neste caso de Bragança, chega a Verín.

Volvendo ao antigo camiño de peregrinos que estamos investigando, despois do peto de ánimas do lugar da Consolación, no que



O peto de Ánimas do lugar da Consolación, tamén chamado "O Oratorio".



A capela da Consolación.

pode lerse a lenda “a los caminantes”, a seguinte pegada xacobeá está a só uns pasos e consiste no topónimo ou, mellor, haxiónimo, A Consolación, referido á capela do mesmo nome, advocación mariana que, dando nome á aldea na que se atopa, se repite noutros camiños de peregrinos a Santiago, caso, no Camiño do Sudeste, dun antigo e desaparecido hospital para peregrinos, citado como tal no século XVIII, no Catastro do Marqués de la Ensenada, que houbo na aldea da Chapa, do concello de Silleda, dedicado a Nosa Señora da Consolación (Rodríguez, 2010, G. E. C. S., voz *Chapa*, A, t. 5: 51). Igualmente, na

Vía da Prata, no tramo Mérida-Alcuéstar, na pequena localidade de El Carrascalejo, atópase a igrexa parroquial de Nuestra Señora de la Consolación, tamén coñecida co nome de Nuestra Señora del Camino, construída entre os séculos XIV e XV. Á mesma advocación –para nós inequivocamente xacobeá– está dedicada outra capela da Consolación do século XVI, situada preto de Avilés, sobre o trazado do chamado Camino de Santiago por la Costa de Asturias, na súa etapa Oviedo-Avilés.

No Camino de Santiago del Norte ou Ruta de la Costa, na localidade cántabra de Güemes, atópase así mesmo a capela de Nuestra Señora de la Consolación, que tivo un pequeno hospital de peregrinos asociado a ela, como sucedeu no caso do devandito lugar de Chapa do concello de Silleda.

En Monterrubio de la Serena (Badajoz), primeira poboación extremeña do chamado Camino Mozárabe de Extremadura (que é un camiño de peregrinos distinto á Vía da Prata, en ocasións tamén chamada Camino Mozárabe) é interesante a igrexa parroquial de Nuestra Señora de la Consolación, edificada no século XV. No chamado Camino Jacobeo del Ebro a Santiago, na localidade turolense

de Monroyo atópase a ermida da Consolación. Na fachada desta capela, que leva a mesma advocación mariana que a Consolación da parroquia estradense de Tabeirós, atópase unha cuncha de vieira que sinala o camiño cara a Santiago.

No chamado Camiño de Santiago de Inverno, que partindo de Ponferrada cara a Compostela, evitaba e/ou evita as neves invernaís do Camiño Francés ao seu paso polos altos do Cebreiro e do Poio, na localidade berciana de Borrenes fundouse, no lugar hoxe coñecido como Hospital de Abajo, un pequeno hospital-ermida para peregrinos chamado tamén de Nuestra Señora de la Consolación, advocación tocaia, xa que logo, da Consolación estradense, a cal ten no amplo adro da súa capela e á beira da estrada vella que vén de Codeseda –antes un importante camiño antigo– un cruceiro; tipo de monumento que, xunto cos –como logo veremos– rollos medievais, adoitan estar sobre os camiños de peregrinos a Santiago, sinalando e marcando os seus trazados, sobre todo cando hai un cruzamento de vías. Da capela da Consolación estradense, santuario e advocación que pode recoller unha tradición xacobeá máis antiga, o que foi outrora o seu sacerdote Camilo Eiras, escribe: “Capilla de Nuestra Señora de la Consolación. Se comenta en Tabeirós que la capilla se hizo por el año 1680 a base de otras dos que estaban dedicadas a San Sebastián y al Espíritu Santo sitas en el lugar del Outeiro.

Por aquelas fechas apareció una imagen pétrea en la Consolación [lugar que aínda non se chamaría así] *quizá dejada por peregrinos* [a cursiva é noso, xa que por esta información albiscamos que a imaxe é de importación, seguramente traída á parroquia de Tabeirós por peregrinos e/ou ideólogos xacobeos, que verían a comenencia de traer ata aquí, por ser un camiño consolidado de peregrinos, a tal imaxe e advocación, frecuente noutras rutas xacobeas] y que los vecinos colocaron junto a la fuente [antes vimos, no caso da fonte da Sagrada, que as fontes son un elemento moi relacionado, por razóns obvias cos camiños de peregrinos, dado que os camiñantes xacobeos precisan beber a cotío]. El párroco acordó llevar la imagen para la iglesia parroquial, pero al domingo siguiente, cuando en su caballería se dirigía a Parada, cayó justamente donde días antes estaba la imagen y por efectos del mareo le pareció ver una luz y la imagen de la virgen. En aquel momento hizo la promesa de levantar allí una capilla dedicada a la Madre de Dios [...]” (Reimóndez Portela, 2007: 375).

Un pouco despois da Consolación, batemos coa igrexa románica da parroquia de *Santiago* [o subliñado volve ser noso] de Tabeirós,



O Santiago Peregrino da igrexa parroquial de Ouzande.

advocación que non é inocente nin casual, xa que sería tedioso e practicamente inabarcable enumerar as numerosísimas parroquias e lugares que levan o nome da advocación de Santiago apóstolo, situadas, por razóns obvias, nos camiños de peregrinos a Santiago, contando ademais a igrexa parroquial de *Santiago* de Tabeirós coa figura en pedra dun Santiago peregrino, o cal, adobiado con todos os seus motivos xacobeos, incluída unha gran cuncha de vieira, que coroa a fornella na que se atopa, sinala, ao estar na parede norte da igrexa, a ruta que tiñan e que teñen que seguir os peregrinos no seu camiñar cara a Santiago, previo paso pola parroquia e a vila da

Estrada; orientación que tamén sinala a figura do Santiago peregrino do cruceiro situado a carón da igrexa parroquial de Guimarei, nun antigo cruzamento de camiños.

Despois das anteriores, a seguinte pegada ou posible pegada xacobeas deste camiño de peregrinos a Santiago quizais se atope na próxima parroquia de San Lourenzo de Ouzande, onde a tradición popular sitúa a antiga e desaparecida Orde dos Templarios. Así, nunha carta dos veciños desta freguesía datada no ano 1882, dirixida ao arcebispo de Santiago para que non lles suprima a súa igrexa, estes escriben que: “La Yglesia de Ouzande, que data del siglo X, de la época de los Templarios no puede ser absorbida por la de la Capital del partido que data del año 56, y que carece de recuerdos, de tradiciones [...]” (Porto Rico, 2007: 195-196); noticia que cómpre tomar con precaucións, pero que parece complementarse coa existencia do que semella ser a variante dunha cruz de malta (que tamén podería ser dos templarios, pois nalgúns casos ambas as dúas cruces son moi parecidas entre si), situada sobre a figura do agnus dei da igrexa románica de Ouzande, parroquia na que, xa que logo,



A posible cruz de Malta do templo parroquial de Ouzande.

puido establecerse e ter posesións en antigo tempo a devandita Orde de Malta, tamén chamada de San Xoán de Xerusalén ou dos Hospitalarios, así denominada por ser considerada por moitos autores a orde relixioso-militar que prestou máis servizo e protección aos peregrinos das rutas xacobeas, e que, como tal, adoitaba instalarse no trazado dos diversos camiños de peregrinos a Santiago, como pode ser o caso da parroquia estradense de Ouzande, onde, ademais de haber unha igrexa románica coroada por unha posible variante da cruz de malta que neste caso presenta as súas puntas triangulares non quebradas, a tradición popular sitúa a orde así mesmo relixioso-militar dos Templarios, que é considerada pola historiografía xacobeá como a antecesora natural (tamén gardaban os camiños de peregrinos) da de Malta; posible cadro sucesorio que se pode cumprir, xa que logo, na parroquia estradense de San Lourenzo de Ouzande, se a cruz de malta en cuestión non é directamente templaria, pois, como indicamos antes, ás veces as diferenzas entre as cruces distintivas de ambas as dúas ordes son mínimas e polo tanto dificilmente apreciables.

Sexa como for, considerada, pois, a posibilidade de que a Orde de Malta (ou a dos Templarios) tivese algún establecemento na actual parroquia de Ouzande en época antiga, cómpre buscar posibles exemplos paralelos ao da parroquia estradense, que expliquen, aínda que sexa aproximadamente, este; batemos así co caso moito máis



Cruz de Malta en Santa María de Vilanova, en Alariz

claro e nada hipotético, porque o recolle a historiografía, da igrexa en orixe tamén románica –coma a de Ouzande– de Santa María de Vilanova de Allariz, a cal, situada sobre o Camiño do Sudeste, tamén amosa unha cruz de malta neste caso gravada na súa fachada; edificio relixioso que debeu ser o templo de referencia neste lugar desta orde militar, que tivo como misión principal a de tutelar e vixiar a antiga ruta de peregrinos que, entrando en Galicia polas Portelas do Padornelo e A Canda, pasaba e pasa pola actual vila ourensá de Allariz camiño de Compostela.

Outra cruz de malta, signo distintivo da orde relixioso-militar do mesmo nome, atópase, aínda que practicamente tapada por unha trabe de madeira, na igrexa da localidade de Hospital, da parroquia de Osoño, do concello ourensán de Vilardevós, onde a mesma orde tamén tivo, como en Allariz, unha encomenda, neste caso sobre o devandito camiño de peregrinos que unían a cidade portuguesa de Bragança coa vila de Verín e, xa que logo, co devandito Camiño do Sudeste.

A presenza da devandita Orde de San Xoán de Xerusalén, de Malta ou dos Hospitalarios de freires cabaleiros e/ou guerreiros, que puido establecerse en Ouzande, repítese noutros puntos estratéxicos dos diferentes camiños de peregrinos a Santiago. Caso de, por citar só uns poucos dos moitos que temos documentados, no Camiño

Francés, das localidades de Atapuerca (primeira fundación do ano 1126), Pamplona, Cizur Menor, Lizarra, Itero e Manzanal del Puerto, entre outras localidades. En Galicia cabe mencionar, á parte dos anteriores, os casos dos antigos hospitais de Sarria e Portomarín.

A Orde de Malta, que custodiaba os peregrinos nos distintos camiños de Santiago, tamén tivo un asentamento no concello ourensán de Boborás, na belida localidade de Pazos de Arenteiro en torno, como no posible caso de Ouzande, a unha igrexa románica, nun dos camiños utilizados polos mesmos peregrinos e arrieiros que, despois de salvar diversas confluencias, pasaban polo concello e a vila da Estrada camiño de Santiago.

No caso de que a cruz da igrexa de Ouzande pertencese directamente á Orde dos Templarios, os antecesores históricos da Orde de Malta, o distintivo ou emblema templario (como indicamos antes ás veces moi parecido ao da orde de malta) seguiría sendo unha posible pegada xacobeá, toda vez que a Orde do Temple tamén tiña, antes da súa desaparición, como principal misión ou encomenda a de custodiar os peregrinos nos seus periplos cara a Santiago. Caso que sería o de Ouzande e, no Camiño Francés, o de Terradillos de los Templarios (Palencia) e, ás portas de Galicia, o castelo templario de Ponferrada, hoxe felizmente restaurado.

Volvendo á posibilidade de que a cruz da igrexa románica de Ouzande fose de malta, outra cruz desas características aparece na veciña vila da Estrada nun escudo de pedra, recentemente doado ao museo, que estivo emprazado nunha casa da rúa Peregrina; representación heráldica que tamén amosa, segundo a breve noticia de prensa da que dispoñemos neste momento, á parte da devandita cruz de malta, outro signo que parece ser un tau (*Faro de Vigo*, 10-5-2011), quizais, ou sen quizais, o símbolo templario por antonomasia, que aparece repetidas veces no antigo castelo templario de Ponferrada (Luengo Martínez, 1980: 163), e noutras igrexas e castelos que pertenceron a esta desaparecida orde relixioso-militar.

Malia o anterior, se a presenza da poderosa Orde de Malta (ou a Orde do Temple) en Ouzande é aínda só hipotética, non sucede o mesmo co actual topónimo urbano estradense A Peregrina e a realidade xacobeá que representa, ao estar, dada a súa modernidade, per-



A “Praza da Farola” onde se debeu ubicar o primixenio Campo da Estrada.

fectamente documentada. Así, no ano 1841 o cura párroco de Ouzande naquela altura solicita e obtén do Arcebispado de Santiago permiso para construír unha capela, alegando que na Estrada, derrubada a capela do Espírito Santo, non existía lugar ningún para celebrar o culto, co que o día 19 de marzo do ano 1842 o citado párroco bendice a capela baixo a advocación da Virxe Peregrina (Castiñeira Rodríguez, 2005: 36 e 37), título xacobeo que aparece noutros camiños de peregrinos a Santiago, caso no Camiño Portugués, da igrexa da Peregrina da cidade de Pontevedra, que deu o hoxe topónimo urbano Rúa da Peregrina. No Camiño Francés temos o exemplo do santuario de La Peregrina, situado na localidade leonesa de Sahagún. Na mesma ruta de peregrinos cómpre citar a imaxe da Virxe Peregrina de Leiva, hoxe custodiada no mosteiro de Santa María la Real da cidade de Nájera, pero orixinariamente na devandita localidade rioxana de Leiva, que foi paso do Camiño Francés ata o século XII; lugar no que se rexistra o microtopónimo xacobeo La Peregrina no emprazamento onde estivo a ermida do mesmo nome.

Volvendo a Galicia, nun probable camiño de peregrinos inédito que estamos investigando, que moi probablemente ía dende a cidade da Coruña, por Arteixo, Bergantiños e Trazo ata a cidade do apóstolo, documentamos outro lugar chamado A Peregrina, na parroquia de Santa María da Peregrina, do concello de Santiago de Compostela, situado, xa que logo, moi preto da cidade xacobeá.

No chamado Camiño Xacobeo Portugués da Costa, seguramente reutilizando unha antiga vía romana, que pode ser a *Per loca maritima*, destacamos, no lugar de Portocelo, do concello pontevedrés do Rosal, un cruceiro que representa, entre outros motivos relixiosos, a figura da Virxe Peregrina.



O topónimo urbano “Rúa da Peregrina” fala do pasado xacobeo da vila da Estrada.

Virxes Peregrinas ás que cómpre engadir a reflectida no microtopónimo, que tamén podería ser xacobeo,

A Peregrina, situado a carón da aldea de Zos, da parroquia do mesmo nome, do concello ourensán de Trasmiras, no Camiño do Sudeste; camiño de peregrinos que ten na súa variante chamada A Verea Vella, como parte do seu patrimonio xacobeo, unha imaxe da Virxe peregrina e outra de Santiago peregrino na colexiata de Xunqueira de Ambía.

Malia o anterior, como non puidemos recoller da tradición oral noticia ningunha sobre a posible existencia dun antigo oratorio ou santuario no devandito lugar chamado A Peregrina do concello de Trasmiras no Camiño do Sudeste, tamén cabería a posibilidade de que este topónimo non fose directamente xacobeo e se referise ao nome persoal feminino Peregrina, que aludiría á posesión e/ou ao lugar de habitación dunha muller así chamada; segunda posibilidade de que non lle resta a este topónimo A Peregrina a súa consideración de nome de lugar xacobeo, pois parece razoable que nun lugar de tradición xacobeá, por onde adoitan pasar a cotío grupos de peregrinos, a devoción á Virxe Peregrina quede reflectida ou rexistrada na antroponimia desa zona, onde os curas párrocos imporían aos pais dos nenos bautizados o nome de Peregrina ou Peregrino, como tamén puido suceder co micritopónimo A Casa do/de Pelegrino, situado sobre a devandita Verea Vella, variante do Camiño do Sudeste, no concello ourensán de Vilar de Barrio; referíndose moi probablemente o topónimo A Casa do/de Pelegrino a un individuo chamado Pelegrino ou Peregrino, nome persoal, como o de Peregrina, que vén da palabra latina *peregrinus/a*, composta de *per*,

“por, a través de” e de *ager*, “agro, campo”, polo que o significado orixinal da palabra *peregrino* era “o que vai errante ou deambula polos campos”, actividade que tiña que facer o peregrino para chegar á súa meta sagrada, andando moitas xeiras ou xornadas polos campos.

O que indicamos antes sobre a posibilidade de que nas zonas ou localidades de tradición xacobeas primase entre os curas párrocos o nome de Peregrino ou Peregrina para os seus bautizados tamén parece reflectirse con relación ao camiño de peregrinos que pasaba (cumpriría revitalizalo) pola Estrada procedente de Portugal con exemplos como o da dona estradense Peregrina Renda López, nome da señora sogra de Castelao, nada na parroquia de San Bartolomeu de Pontevedra e filla póstuma de Felipe Renda, natural da parroquia estradense de Santo André de Veá (Arca Caldas, 1999: 27), polo que dona Peregrina puido recibir o seu nome de pía da Virxe Peregrina da cidade de Pontevedra ou da Virxe Peregrina da vila da Estrada, contando coa posibilidade de que a Virxe Peregrina estradense sexa unha especie de trasunto ou traslado da Virxe Peregrina da capital da provincia, o que non invalidaría en absoluto que a primeira poda ser considerada como unha das pegadas xacobeas máis sobranceiras do concello da Estrada (hai outra imaxe da Virxe Peregrina na igrexa parroquial estradense de San Breixo de Lamas); territorio polo que deberon pasar peregrinos cara a Santiago dende tempos moi arrecuados, sen esquecermos e tendo en conta que a desaparecida capela da Virxe Peregrina da vila da Estrada (a súa imaxe está na igrexa parroquial de Ouzande), perpetuada como nome dunha rúa da poboación, foi a continuadora da devandita Capela do Espírito Santo, mandada construír, cara ao ano 1589 a expensas de don Juan González de Figueroa, que fai a doazón en testamento dunha casa para que servise de hospital ou hospicio aos peregrinos que se dirixían a Santiago. Capela que é citada nos primeiros anos de 1600 polo cardeal Jerónimo del Hoyo nos seguintes termos: “En esta felegresía de San Payo [refírese a San Paio de Figueiroa, cando a actual parroquia de San Paio da Estrada aínda non estaría configurada] hay veinte y quatro feligreses [...] . Hay en esta felegresía una hermita de Santi Spiritus. Mandó Juan González de Figueroa, su fundador, según dicen se dixese en ella una misa cada

semana y para ello mejoró a dos hijos en tercio y quinto, pero dicen que no han aceptado la herencia y así no se cumple el mandato del fundador” (Hoyo, del, 1607, (edic. facsím.): 487), noticia que concorda coa información que aparece nos Libros de Fábrica da desaparecida parroquia de Figueiroa, consultados polo párroco da Estrada recentemente falecido don Manuel Castiñeira. Así, nunha visita efectuada á citada parroquia por don Juan Armesto y Astorga, arcediago do Salnés, dise que: “[...] la capilla de Espíritu Santo está en estado deplorable [...] son patronos los herederos de don Juan González de Figueroa, que en ella fundó por su alma y sus ascendientes dos misas rezadas cada semana, para la limosna de las cuales, levantar dicha

hermita y edificar junto a ella una casa que sirva de *ospicio a los peregrinos* [o subliñado é noso] que pasan a visitar el sepulcro del Santo Apóstol Santiago y tener reparada dicha hermita, hipotecó todos los vienes, de que hizo bínculo y mejora a ¿Lope? y Diego Vermúdez, sus hijos, en los lugares de Figueroa, y todos los demás vienes [...], como también en el lugar de Moldes [...], y pasó en el año de 1589 [...]” (Castiñeira Rodríguez, 2002: 9), ano aproximado da construción da capela e do hospicio ou pequeno hospital de peregrinos do Espírito Santo, conxunto xacobeo que debeu ser levantado en ou nas inmediacións da actual Praza da Farola a carón dun camiño ou estrada usado principalmente por peregrinos (de aí seguramente o nacemento do topónimo viario A Estrada), que seguirían a súa ruta polo contiguo barrio estradense do Cruceiro, ata o cal tamén poderían acceder –sen necesidade de pasar polo espazo da actual Praza da Farola– a través, logo de subir pola rúa Pérez Viondi, da actual travesía Hermanos Valladares, pasando despois pola capela da Pere-



O cruceiro da Estrada, ubicado ao pé da ruta xacobeá.

grina, sita en ou nas inmediacións da rúa do mesmo nome, para continuar pola travesía de Veá ata o barrio do Cruceiro. A este respecto recolleemos de Olimpio Caldas que: “La actual calle Hermanos Valladares enlaza, en ángulo recto, la calle de la Peregrina con la de Pérez Viondi. En su origen constituía un angosto vial, quizás “corredoiro” que desde su entronque con el camino real llegaba hasta la capilla de la Peregrina, situada, como ya dijimos, en las cercanías de la antigua cárcel del Partido, para seguir por la travesía de Veá al barrio del Crucero, camino de Compostela” (Arca Caldas, 1995: 65), topónimo, o do Cruceiro, tamén viario que normalmente se refire a un cruzamento de camiños sinalado ou balizado, neste caso, polo cruceiro estradense por antonomasia, o cal, aínda que ultimamente sufriu algúns cambios e trasacordos na súa ubicación orixinal, sinala, de maneira clara e manifesta a dirección que debían seguir os peregrinos, ao ter as figuras de Santiago e de san Roque peregrinos, os santos xacobeos por excelencia, mirando cara a Compostela, como tamén sucede nos casos xa comentados das figuras respectivas do Santiago peregrino da igrexa de Tabeirós e do cruceiro contiguo á igrexa parroquial de Guimarei, estando esta última figura de Santiago sobre un pequeno pedestal que representa unha cuncha de vieira, o que se repite con relación ao Santiago peregrino do cruceiro da vila da Estrada, que ten as ondulacións da súa cuncha moi marcadas, e co San Roque peregrino do mesmo monumento, que ofrece as devanditas ondulacións da cuncha do seu pedestal moito máis separadas e case que inapreciables.

Abandonado o lugar do Cruceiro, os romeiros pasaban pouco despois polas proximidades da desaparecida igrexa parroquial de San Paio de Figueiroa, que, segundo estudos e apreciacións de Manuel Castiñeira, debeu ser románica e estar situada, *grosso modo*, na parte máis baixa e antiga do actual cemiterio da parroquia de San Paio da Estrada (que sería antes o da extinta parroquia de San Paio de Figueiroa), amosando o desaparecido edificio, como se pode ler na documentación antiga, dúas cunchas de vieira de pedra, símbolo inequívoco da súa situación nun camiño de peregrinos a Santiago (Castiñeira Rodríguez, 2005: 32), sinalado polas devanditas cunchas, ao ser a vieira ou *venera* outro dos símbolos xacobeos por anto-

nomasia, que se repite noutros camiños de peregrinos a Santiago, caso, por poñer só algúns exemplos (fóra dos xa comentados pedestais do san Roque e Santiago estradenses e do Santiago así mesmo peregrino de Tabeirós), da coñecida Casa de las Conchas da cidade de Salamanca, construída sobre a Vía da Prata, tamén chamada Camiño Mozárabe, que se continúa en Galicia polo devandito Camiño do Sudeste, o cal



O Santiago peregrino da Estrada repousa sobre unha cunha de vieira, símbolo xacobeo por excelencia.

passa pola vila ourensá de Xinzo de Limia, en cuxa igrexa parroquial de Santa Mariña, tamén de orixe románica, á parte de custodiarse unha imaxe de san Roque peregrino, pode observarse, nun capitel, unha cara cunha vieira. No Camiño Francés a fachada da igrexa de Santo Domingo da cidade de Pamplona tamén mostra unha decoración de vieiras. No mesmo camiño de peregrinos son típicas as vieiras comestibles da localidade de Castrojeriz, deliciosas tortas de anís que, tal como indica o seu nome, teñen forma de vieira. Así mesmo, no principal camiño de peregrinos a Santiago, o escudo do concello de Ureta (Pamplona) amosa catro vieiras.

Volvendo á antiga e desaparecida igrexa de San Paio de Figueiroa, as vieiras da cal xustifican a inclusión deste motivo xacobeo no escudo oficial do concello da Estrada, a seguinte pegada xacobeo do Camiño de peregrinos que estamos redescubriendo e percorrendo achábase na próxima parroquia de San Pedro de Toedo, onde existiu unha importante confraría de San Roque, á que pertencían fregueses das parroquias de Toedo, Santeles, Aguións, Matalobos e Figueiroa. O libro desta confraría comeza no ano 1620. Entre as obrigas dos seus confrades, recollidas no volume, figura unha que se expresa deste xeito: “Si muere un pobre o un *peregrino* [o subliñado é noso] dentro de la feligresía de San Pedro de Toedo, aunque no mande cosa alguna a la dicha cofradía, siendo avisados los vicarios, le vayan a buscar para enterrarle, y se entierre con los cofrades y cera de dicha cofradía y se le haga una misa para su ánima [...]” (Castiñeira Rodríguez,



Santiago e San Roque do cruceiro da Estrada.

2002: 13), noticia demostrativa do frecuente tránsito de peregrinos cara a Santiago pola parroquia de Toedo, que é dobremente valiosa, se reparamos no santo titular da devandita confraría, a saber san Roque, advocación que, despois da de Santiago apóstolo, é a máis numerosa dos camiños de peregrinos, nos cales se repite de maneira abundante. Así, a maneira de exemplo, lembramos, no camiño de peregrinos que nos ocupa, a devandita representación iconográfica de san Roque, acompañado de Santiago, do fuste do cruceiro do barrio estradense do Cruceiro, e, no Camiño de peregrinos do Sudeste, a imaxe do así mesmo citado san Roque peregrino da igrexa parroquial de Santa María de Xinzo de Limia. A estes exemplos engadimos o microtopónimo San Roque, alusivo a unha capela, hoxe desaparecida, que estaba na beira do devandito Camiño do Sudoeste á entrada da vila da Gudiña, nun emprazamento hoxe ocupado polas vías e as plataformas ferroviarias desta poboación ourensá.

Santo san Roque que se repite de maneira insistente noutros moitos camiños de peregrinos que rematan en Santiago, como é o caso doutra capela tamén dedicada a san Roque, situada na localidade asturiana de Tineo, no Camiño Primitivo de Asturias a Santiago.

No Camiño Francés é de destacar a existencia, na vila coruñesa de Melide, da pequena ermida de San Roque, cuxo interese se centra na belida portada románica que incorpora, pertencente á derruída igrexa de San Pedro. A carón da ermida áchase un fermoso cruceiro, procedente do chamado Campo de San Roque, datado no século XIV, que está considerado como o máis antigo de Galicia. No mesmo camiño de peregrinos, na localidade de Calzada (outro topónimo xacobeo e viario) del Coto, próxima a Sahagún, documentábase outra ermida dedicada a san Roque, que xerou o seu correspondente topónimo ou haxiónimo San Roque.

Á saída da localidade de Molinaseca o Camiño Francés discorre pola ruínosa igrexa e lugar de San Roque. Un pouco máis adiante, pasada a cidade de Ponferrada, na localidade tamén berciana de Cacabelos, así mesmo sobre o trazado do camiño, (coma nos casos do san Roque do cruceiro estradense, etc.), está a ermida de San Roque, emprazada na zona do mesmo nome, que hoxe se habilitou como praza, dando o topónimo urbano Praza de San Roque.

Tamén no Camiño Francés, pero outra vez en territorio galego, despois de pasar a localidade do Cebreiro, existiu unha capela baixo a advocación de san Roque, hoxe, como no caso da Gudiña, desaparecida, pero felizmente enquistada na toponimia no nome de lugar Alto de San Roque, onde estivo, xa que logo, a devandita capela dedicada a este santo francés, nado en Montpellier, cidade levantada a carón dun dos principais camiños franceses de peregrinos a Santiago.

No Camiño Portugués, á saída da vila de Caldas de Reis, en dirección Santiago, este camiño de peregrinos, que na actualidade coincide neste punto coa estrada N-550, pasa pola capela e o lugar de San Roque, santo peregrino que ademais é o patrón desta vila pontevedresa.

No Camiño do Norte, na parroquia de *Santiago* (outra vez *Santiago*, coma en *Santiago* de Tabeirós) de Goiriz, pertencente ao concello lugués de Vilalba, hai outra capela dedicada a san Roque, santo avogoso contra a peste e peregrino, que, segundo a tradición, peregrinaría a Santiago, Roma e Xerusalén e que se representa na iconografía xeralmente vestido de peregrino con unha ou varias vieiras, pola súa suposta peregrinación a Santiago de Compostela. Vemos,



O cruceiro da igrexa de Guimarei tamén amosa unha imaxe de Santiago peregrino mirando cara a Compostela.

así, que san Roque, e o haxiónimo que xerou, sinala en moitas ocasións antigas rutas ou camiños de peregrinos con final en Santiago, como sucede co antigo camiño xacobeo que procedente de Portugal pasaba pola Estrada.

Despois da parroquia de Toedo os peregrinos debían seguir, na parroquia de *San Salvador* (outra advocación xacobeas) de Valoira, polo chamado Camiño Vello de Montoiro para chegaren ao lugar do Rollo, na parroquia de Santa Cristina de Veá, situado, nun antigo cruzamento de camiños, un dos cales é a estrada actual da Estrada a Santiago (a PO-841), seguramente antes un camiño real, que debeu estar sinalizado e balizado polo rollo, contemplando no topónimo O Rollo, o cal alude a un rollo medieval, tamén chamado picota, polo

que nun principio o topónimo O Rollo, referido á columna cilíndrica de pedra dese nome, aludía aos lugares, xeralmente situados en cruzamentos de camiños, nos que axustizaban os reos condenados á pena de morte, aínda que os rollos, á parte desta triste función, tamén servían como pedras de termo e como cruces de peregrinos, situadas á beira das travesías e dos camiños xacobeos, caso que moi ben lle pode corresponder ao rollo que deu o topónimo O Rollo da parroquia de Santa Cristina de Veá.

Outros lugares chamados O Rollo, situados, como no moi posible caso do Rollo estradense, en antigos e actuais camiños de peregrinos, son: O Rollo, lugar así chamado situado na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, Allariz (Ourense), ubicado sobre o Camiño do Sudeste; O Rollo, nome doutro lugar emprazado sobre os mesmo camiño de peregrinos, no seu tramo ou variante chamada Vereá Vella, situado no lugar da Alberguería (outro topónimo xacobeo) do concello ourensán de Laza.

No Camiño Francés documentamos tamén o topónimo El Rollo, emprazamento así chamado situado a carón da localidade de Azofra (La Rioja), onde, citamos de maneira textual: “*un rollo medieval o cruz de los peregrinos* te indica que caminas por la verdadera ruta jacobea” (Elías Valiña, 1993: 64), mentres que na localidade burgalesa de Redecilla del Camino (outro topónimo viario e xacobeo), volvemos a citar de maneira textual: “Un rollo medieval marca el comienzo de su calle-camino, en la que se sitúa el viejo hospital de San Lázaro [...]” (Pousa, 1992: 143).

Outro rollo é o que estivo na Praza Maior (que sería inicialmente un cruzamento de camiños) da localidade ourensá de Seixalbo, lugar por onde pasaba e pasa o Camiño do Sudeste, pouco antes de chegar á cidade de Ourense; rollo que logo se trasladou ao contiguo lugar chamado, dende aquela, A Picota ou o Campo da Picota (como indicamos antes os vocábulos *rollo* e *picota* refírense á mesma realidade), por onde tamén pasa o Camiño de peregrinos do Sudeste. Na mesma ruta de peregrinos, na vila ourensá de Laza, atopamos o microtopónimo A Picota.

Verbo da causa de estaren os topónimos alternativos A Picota e O Rollo á beira das encrucilladas e/ou dos camiños máis públicos e transitados, que moitas veces coincidían cos camiños de peregrinos a Santiago, pode deberse, segundo pensamos, ao feito de se colocaren as picotas ou os rollos nos devanditos camiños ou tránsitos coa finalidade expoñer os corpos dos alí axustizados durante varios días á vista da numerosa poboación que transitaba por eses lugares, pois sábese, de certo, porque está perfectamente documentado, que moitas veces os cadáveres ou parte deles eran expostos nos rollos ou picotas, é dicir, nas forcas permanentes de pedra, durante varios días, despois das execucións, para público e bestial escarmento e para disuadir, de maneira crúa e directa, outros posibles salteadores ou delincuentes.

Topónimo alternativo aos do Rollo e A Picota, que tamén pode descubrir antigos camiños de peregrinos a Santiago, é O Pelouriño, nome dunha antiga rúa da cidade de Ourense, Rúa do Pelouriño (actual Rúa Colón), onde en antigo tempo habería un pelouriño, rollo ou picota sobre o Camiño de peregrinos do Sudeste na súa chegada á cidade das Burgas, procedente da vila de Allariz.



Según nos lembra Reimóndez Portela a ponte da Pontevea garda multitude de recordos de peregrinos.

Volvendo ao lugar chamado O Rollo da parroquia estradense de Santa Cristina de Vea do camiño de peregrinos que, procedente de Portugal, A Cañiza, Terra de Montes e Tabeirós se dirixía, pasando pola vila da Estrada, a Santiago, a seguinte pegada xacobeas que atopamos é a coñecida e celebrada ponte vella de Ponte Vea, segundo Reimóndez Portela “primitivamente románica” e “chea de recordos de peregrinaxes” (Reimóndez Portela, 2007: 167).

Antes de rematar este itinerario xacobeo, volvemos á actual vila da Estrada. O seu topónimo, tanto proveña do latín **(via) strata*, “vía estrada de pedra”, ou da voz galega máis recente, *estrada*, “vía estrada de estrume”, é un claro nome de lugar viario que, como tal, se repite noutros camiños ou vías de peregrinos a Santiago; caso, entre outros, do microtopónimo redundante ou tautolóxico Camiño da Estrada, nome que recibe, segundo puidemos recoller e comprobar, o camiño de peregrinos do Sudeste na aldea de Zos do concello ourensán de Trasmiras.

O devandito camiño de peregrinos debeu ser chamado noutro punto do seu percorrido non só estrada, senón tamén vereas, como o confirman os topónimos tamén viarios Trasestrada e Trasverea, do concello ourensán de Riós, situados detrás ou tras (un pouquiño ao norte) desta vía de peregrinos; isto contando coa evidencia de que, mentres o topónimo Traestrada nomea toda a parroquia, o de

Trasverea denomina unha das súas aldeas, nome de lugar a partir do cal se debeu crear o de Trasestrada; refírense, xa que logo, ambos os dous topónimos á mesma estrada ou vereas, que é o citado Camiño de peregrinos do Sudeste neste punto.

De volta outra vez á vila da Estrada, a súa vocación xacobeas queda tamén demostrada nun antigo artigo publicado no ano 1880 na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* no que o seu autor, José Luces, conta como no ano 1836 o xuíz de primeira instancia daquela época designado para Tabeirós, chega a un lugariño no que se erguía unha ermida baixo a advocación do Espírito Santo (trátase da devandita capela antecesora da Peregrina) no medio dunha arboreda coñecida como o Campo da Estrada (topónimo, xa que logo, antecesor ao da Estrada), lugar no que adoitaban descansar os peregrinos e onde había *dúas ou tres casas* (o subliñado é noso) con balcóns de táboas (Martínez Oca, 2000: 85); noticia pola que podemos albiscar que nos seus comezos (ano 1836) a actual vila da Estrada era un lugariño apenas poboado no que destacaba, sinal de que había moi poucas casas, a capela xacobeas do Espírito Santo, que estaba situada no medio dunha arboreda, talvez unha carballeira (no que hoxe é a Praza da Farola) á sombra da cal descasaban os peregrinos que se dirixían a Compostela, algúns dos cales buscarían tamén descanso e acomodo no pequeno hospital ou hospicio asociado á devandita capela, que no ano de 1836 estaba aínda en pé, pero por poucos anos, pois na sesión municipal do 11 de xaneiro do ano 1843 (en 1840 reúnese o *concejo* local e acórdase que en diante o municipio leve o nome da Estrada) faise constar que os entullos da capela xa derruída (puido estar así varios meses ou mesmo anos) impedían o ornato público á vez que constituían un atranco para os veciños que celebraban naquel lugar a feira (Castiñeira Rodríguez, 2005: 35).

Sobre a anterior posibilidade, segundo a cal formulabamos a hipótese –baseándonos no artigo de José Luces– de que no ano 1836 no lugar da incipiente A Estrada (actual Praza da Farola e lugares adxacentes) houbera moi poucas casas de morada, ao destacar só, o devandito José Luces, a capela do Espírito Santo no medio dun lugar arborado, chamado Campo da Estrada, recollemos *a posteriori* do historiador local Xosé Porto Matalobos, citamos as súas palabras textuais, que: “En

1836 no pasaba [refírese a nacente vila da Estrada, cuxo espazo aquel ano debía chamarse aínda Campo da Estrada, hoxe a mentada Praza da Farola e arredores próximos] de ser una modesta aldea formada por media docena de casas diseminadas [vimos que o artigo de Luces fala de dous ou tres]” (Porto Matalobos, G. E. G., voz *Estrada*, A, t. 11: 13).

ADDENDA: despois de rematado este traballo, soubemos, por mediación do amigo Xoán Andrés Fernández Castro, director e colaborador desta revista, da existencia dunha cruz de malta en Codeseda. Esta cruz pode ser outra proba da antiga presenza da Orde de Malta ou de San Xoán de Xerusalén no concello da Estrada e estar relacionada co apoio que esta orde relixioso militar puido prestar aos peregrinos que se dirixían a Santiago, procedentes do norte de Portugal e de zonas adxacentes do sur da provincia de Pontevedra.

Bibliografía

- ARCA CALDAS, O., 1995. *Callejero histórico de la villa de A Estrada*, Excmo. Concello da Estrada e Xunta de Galicia.
- ARCA CALDAS, O., 1999. “As dúas mulleres de Castelao”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 2, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F., 1992. “El caballo en las peregrinaciones a Compostela”, in *Galicia en Madrid*, núm. 3, julio-agosto de 1992.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., *A toponimia e a haxionimia galega dos camiños de peregrinos a Santiago*, en preparación.
- CASTIÑEIRA RODRÍGUEZ M., 2002. “Novas matinacións encol do topónimo A Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 5, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CASTIÑEIRA RODRÍGUEZ M., 2005. “Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 8, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- Faro de Vigo*, 10-5-2011.
- HOYO, J. del, 1607, (edic. facsím), *Memorias del arzobispado de Santiago*, Porto y Cía editores, Santiago de Compostela.
- LUENGO MARTÍNEZ, J. M., 1980. *El castillo de Ponferrada y los templarios*, Editorial Nebrija, León.

- MARTÍNEZ OCA, X. M., 2000. *Dos camiños de arrieiros ós pazos da Ulla. Terra de Montes e Tabeirós*, Promocións Culturais Galegas S. A., A Nosa Terra.
- PORTO MATALOBOS, X., *Estrada, A*, en *Gran Enciclopedia Gallega* (G. E. G.), t. 11, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor.
- PORTO RICO, D., 2007. "Inventario de ermidas, capelanías e obras pías da Estrada (1567-1956)", en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 10, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense "Manuel Reimóndez Portela".
- POUSA X. R., 1992. *El Camino de Santiago*, La Voz de Galicia.
- REIMÓNDEZ PORTELA, M., 2007. *A Estrada rural*, Servizo de Publicacións Deputación de Pontevedra.
- RODRÍGUEZ, M. F., 2010. *Chapa, A*, en *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), t. 5, Ediciones Bolanda.
- VALIÑA, E., 1993. *El Camino de Santiago. Guía del peregrino a Compostela*, Editorial Galaxia, Vigo.
- VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RÍUS, J., 1948. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, 3 tomos. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Escuela de Estudios Medievales, Fondo de Publicaciones Gobierno de Navarra, Pamplona.
- VV. AA. 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), 18 tomos, Ediciones Bolanda.